



MEAD, Nick.(2023) *Moral and political values in teacher education over the time international perspectives (Valores morais e políticos na formación docente ao longo do tempo: perspectivas internacionais)*, London-New York: Routledge;192 pp. ISBN 9781032113340

Introdución

No presente libro, Nick Mead fálanos sobre os valores persoais, morais e políticos dos docentes, afondando no modo en que se desenvolven nas aulas e a liberdade para facelo. Nesta investigación denotamos como Mead foi madurando estas reflexións desde que inicia os seus primeiros anos de experiencia na Universidade de Newcastle ata a súa posterior

carreira profesional en Oxford, como doutor pola Universidade de Middlesex. Neste sentido o presente autor achega diferentes iniciativas pedagóxicas internacionais, para facernos reflexionar sobre a formación dos docentes, baixo o prisma do pensamento e a dialéctica gramsciana.

Sobre a presente edición.

Facendo uso da súa experiencia en educación desde o ano 1969, cos seus coñecementos sobre “Values and Professional Knowledge in Teacher Education”, Nick Mead presenta este novo libro, publicado en 2023 en London-New York pola editorial Routledge. Pola súa polivalencia, a súa lectura está dirixida principalmente a toda comunidade educativa. Este feito concede un valor engadido, xa que pode ser de utilidade e consulta tanto para estudantes na formación docente como para profesores, formadores, responsables das políticas educativas, académicos e investigadores en educación comparada ou historia da educación. A súa lectura está dirixida a lectores avanzados en inglés, con certo dominio dos conceptos pedagóxicos básicos.

Pero convén facer un inciso, especialmente esta obra está mais direccionada aos lectores interesados en profundar na teoría hexemónica de Gramsci. En certo xeito, a súa lectura tamén pode ser interesante para todos aqueles lectores que teñan interese nas teorías socio-críticas da educación. Inferindo nesta última cuestión, afirmamos isto precisamente polos seus “paralelismos críticos” en contra das sistemas

educativos utilizados hoxe en día polos poderes hexemónicos, aspectos disertados tamén en textos archiconocidos como *Pedagogía del oprimido* de Paulo Freire ou *La (des)educación* de Noam Chomsky.

Sobre o autor Nick Mead

Nick Meade: pedagogo inglés que estudou na Universidade de Newcastle, onde posteriormente impartiu docencia durante dezoito anos. Doutor pola Universidade de Middlesex, en 1997 pasou a ser profesor emérito de Educación na Universidade de Oxford Brookes, onde leva 23 anos de experiencia.

O libro

Antes de comezar a realizar a rescensión da seguinte obra convén facernos unhas preguntas: Por que queren os gobernos globalistas-neoliberais implantar unha sociedade uniforme?, É boa esta condición para a conservación das diferentes culturas minoritarias? Cando Mead empezou no mundo da educación asesorando docentes, pronto se decatou da relación entre as necesidades, os valores dos alumnos e as prácticas reais. Esta é a idea da que parte esta obra colectiva, deixando patente o desaxuste entre o pedagóxico e o ético, reflexionando sobre a forma en que os docentes trasladan os valores políticos, morais e persoais nas aulas. Non obstante, mediante unha visión largoplacista, o autor desenvolve unha dialéctica histórica, baseada na revisión da forma de transmitir os coñecementos na formación docente. Trasládanos así, cara a unha dirección máis consciente e crítica

dos procesos de ensino e aprendizaxe, aludindo a unha maior conciencia do transmitido e analizando os contextos contemporáneos menos sensibles cara ás minorías culturais. A partir deste suxestivo punto de partida, o profesor Mead pediu a diferentes autores a nivel internacional que realizasen unha reflexión sobre este tema desde os seus respectivos contextos.

En total esta obra colectiva está formada por catro grandes apartados, que albergan seis traballos de diversos autores. A primeira parte do libro está constituída cos textos de Nick Mead en Inglaterra, Gianfranco Bandini en Italia e Eugenio Otero en España. Todos estas achegas tratan sobre a perda dos valores democráticos na formación docente, no apartado titulado: “The European context: the impact of the demise of social democratic values on the development of values in teacher education”. Nesta parte, Mead achega un rico conglomerado de informacións e textos argumentativos dos autores mencionados con anterioridade, empregando a conciencia histórica e mirando cara atrás. O obxectivo principal da exposición destas experiencias é ofrecer modelos que acheguen unha continuidade entre os valores morais e políticos dos formadores docentes.

Pero vexamos agora pormenorizadamente os temas dos diferentes capítulos desta primeira parte. No capítulo titulado “Beginnings values in teacher education in an era of social democracy in England”, Nick Mead describe a efervescencia que se produciu nos anos sesenta en Inglaterra, no

que se resaltaron os valores culturais tradicionais, democráticos pragmáticos na formación do profesorado. Posteriormente no capítulo titulado “The Italian debate about the role of teacher within teacher education, a long dialectic between two opposing conceptions: educational intellectual or cultural employee”, Gianfranco Bandini desprega os argumentos dun modelo contextualizado tamén nos anos setenta, que aplicaba os valores na formación do profesorado tras o final do período “reformista” en Italia. Por último, o profesor Eugenio Otero Urtaza no capítulo titulado “The educational ideals of Spanish schoolteachers: training, professional tensions and future uncertainties”, realiza unha disertación sobre o conflito entre os valores neoliberais e socialdemócratas en España.

A segunda parte do libro titúlase “The American context: teacher educators who counter the neo-liberal accountability era by nurturing the values of long-term teacher researchers». Este texto analiza a forte influencia do neoliberalismo americano na educación, mediante o capítulo de Elizabeth Currin titulado “The positive power of negative capability: long-term teacher reserarchers in the United States”.

A terceira parte da obra Mead trasládanos a Sudáfrica despois do Apartheid, co capítulo titulado: “The South African post-conflict context: reproductive or transformative values in teacher education?”. Neste apartado, Zahraa McDonald desagrega a capacidade transformadora dos

docentes nun contexto postcomunistas e postbélico.

Por último na cuarta parte deste traballo, o autor da presente obra colectiva achéganos ao continente asiático mediante o capítulo titulado: “Shifting values in Japanese teacher development”. Neste apartado, Mitsuharu Mizuyama esgrime os inconvenientes da formación do profesorado en Xapón, inmersos nunha sociedade dominada polos valores neoliberais.

Con todas estas experiencias, o autor consegue trasladar diversas investigacións de profesores que nos achegan aos catro continentes: Europa, América, África (Sudáfrica) e Asia. Esta acción resulta interesante porque podemos comparar a nivel internacional a forma de trasladar os valores morais, políticos e persoais en tempos comandados polo neoliberalismo e a globalización. Aspectos que resultarán contraproducentes para a conservación das culturas minoritarias, poderíamos definir esta situación como: “O peixe grande sempre se como ao pequeno”.

Todo isto impulsos están enfocados baixo unha dialéctica gramsciana, caracterizada por advertir que a clase dominante sostén o control a través de “ilusións ideolóxicas”, promovendo os seus propios intereses, en moitas ocasións ligados a pretensións económicas. Con todo, segundo Gramsci, o liderado da clase dominante debe de ter as seguintes características: moral, comprometido, intelectual, colexiado, variado e

proporcionado en forza. E todo isto debería suceder mediante un proceso natural, porque “natural” é a renovación dos poderes. Con todo isto, Mead realiza nestes capítulos un destacable exercicio de síntese, perseguindo o difícil obxectivo de contextualizar e recoller diferentes experiencias internacionais, alternativas ao modelo de formación implantado con regularidade nas sociedades neoliberais contemporáneas. Así, nos introducimos nesta parte do traballo, que desenvolve as principais experiencias formativas, nadas como reacción aos problemas educativos nos diferentes países.

Ao longo do libro, e sempre baixo un enfoque a longo prazo, o autor alude ao concepto da “responsabilidade” de conxionar os valores morais coa dialéctica na formación do exercicio do maxisterio. E para isto, o lector poderá contrastar esta idea, coa importancia do legado dos profesionais que Mead achéganos. É por iso que é oportuno disertar aquelas iniciativas teórico-prácticas que tentaron ao longo da historia poñer fin a este problema educativo.

A medida que penetramos un pouco máis na obra, podemos ir extraendo unha serie de conclusións, observando como os docentes pasan a ser “meros aplicadores” dunha narrativa indisoluble ao modelo implantado. Neste sentido, o autor salienta a importancia de que os profesores poidan ser ademais o xerme dun “cambio”. Para iso Mead recolle unha serie de exemplos de formadores internacionais comprometidos cos valores morais. Unha serie de experiencias de

traballo en grupo, cohesionados coa dialéctica gramsciana. Teniendo en cuenta isto, despréndese a idea da importancia dunha formación universitaria, fundamentada no respecto das minorías culturais.

Conclusións

E é de mester, comezar cintando os principios pedagóxicos que se extraen desta obra: moralidade, valores democráticos, compromiso, responsabilidade, intelectualidade e respecto ás minorías culturais. En relación a isto, o tratamento destes termos pode provocar no lector unha análise crítica da educación tradicional e das novas esixencias sociais, asociadas á Revolución Industrial e ás tendencias ético-políticas. Con todo, despois da lectura deste libro podemos formular unha pregunta: Os profesores poden ser un axente de cambio das políticas educativas neoliberais? O que queda claro, é que non parece unha actitude moral para docentes ir en contra das minorías culturais e tampouco pasar esta cuestión por alto. Pero tamén queda patente que esta tarefa tampouco parece fácil de resolver, tendo en conta os métodos de control implantados nas sociedades neoliberais, baseadas no control, a formación de “ilusións ideolóxicas” e necesidades falsas. Por este motivo, ante unha sociedade tan diversa é un reto que se prevé complicado.

Como podemos observar, o texto traslada diversas ideas ao formador, producindo unha fervenza de conclusións extraídas das experiencias pedagóxicas e teorías internacionais achegadas por Nick Mead. A lectura desta obra

pode ser moi útil actualmente para a formación e información dos educadores, porque ao longo das súas 192 páxinas traslada gran parte da problemática sobre os valores morais, políticos e persoais na formación docente ao longo do tempo, ofrecendo modelos e perspectivas internacionais alternativas. Pero, debemos de ter en conta que moitos destes impulsos hoxe en día están illados e non son aplicados nos centros de maneira xeral. Entre as conclusións que se poden extraer da presente obra temos:

1. Nas sociedades neoliberais de carácter globalista, regularmente os docentes son “meros aplicadores” dunha narrativa indisoluble ao modelo implantado.

2. É necesario o respecto a todas as culturas, independentemente do seu tamaño ou influencia social, debido a que pertencen ao legado histórico dunha sociedade concreta.

3. Convén ter unha perspectiva máis consciente dos contidos que trasladamos na formación dos docentes.

4. É necesario manter unha postura crítica ante a desaparición dos valores socio-democráticos actuais.

5. É unha cuestión importante ter en conta a influencia que exercen as presións económicas da sociedade de consumo nos valores políticos, morais e persoais.

6. É relevante adoptar unha actitude crítica cara á implantación do “relato único neoliberal”, influenciado pola economía produtiva.

7. Convén observar o presente e o futuro tendo en conta a “conciencia histórica”, imprescindible para que as sociedades aprendan dos erros e acertos acontecidos.

8. Sería oportuno compatibilizar unha “pedagogía crítica” coas políticas educativas contemporáneas, baseándonos nunha constante revisión dos nosos valores morais para constituír espazos distinguidos por: a moralidade, a democracia, o compromiso, a responsabilidade, a intelectualidade e o respecto ás minorías culturais.

Neste sentido o autor salienta a importancia de que os profesores poidan ser o xerme dunha renovación social progresista. Por todo isto, considero que esta obra pode formar parte da “caixa de ferramentas” dos formadores docentes, porque a súa lectura achéganos a unha revisión dos valores aplicados á hora de impartir docencia, ás veces esquecidos pola encrucillada á que a sociedade de consumo somete aos profesores e profesoras. A parte deste conglomerado teórico-práctico recollido nesta obra colectiva, bastante completa para o aproveitamento educativo nos nosos días, podemos facer uso doutras teorías e experiencias como: *El Aula Invertida* de Jonathan Bergmann, los *Mapas Mentales* de Tony Buzan, la *Inteligencia Emocional* de Daniel Goleman o *El Poder de la Neurodiversidad* de Thomas Armstrong.

José Manuel VÁZQUEZ LÓPEZ

Universidade de Santiago de Compostela